



DEPUTACIÓN PROVINCIAL
A CORUÑA

SERVIZO DE PATRIMONIO E CONTRATACIÓN



UNIVERSIDADE DA CORUÑA

Número 10 BIS /2022

CONVENIO DE COOPERACIÓN ENTRE A EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE A CORUÑA E A UNIVERSIDADE DA CORUÑA PARA COLABORAR NA CELEBRACIÓN DAS XIII XORNADAS DE DEREITO ADMINISTRATIVO IBEROAMERICANO “LA BUENA ADMINISTRACION DEL PROCEDIMIENTO ADMINISTRATIVO”.

Na Coruña, a 4 de abril de 2022

Ante min, Miguel Iglesias Martínez, Secretario accidental da Deputación Provincial da Coruña, como fedatario actuante.

REUNIDOS

Dunha parte, Don Valentín González Formoso, Presidente da Deputación Provincial da Coruña.

Doutra parte, Don Julio E. Abalde Alonso, Reitor da Universidade da Coruña.

MANIFESTAN

PRIMEIRO.- Que a Universidade da Coruña é unha entidade que leva a cabo actividades de docencia e desenvolvemento xurídico, e ten como un dos seus fins, a formación de profesionais e especialistas en materias que afectan ó dereito administrativo comparado.

SEGUNDO.- Que a Deputación de A Coruña, é unha entidade de dereito local, que ten, entre outros fins, o fomento dos intereses da provincia, e os temas vencellados co eido local e a formación nos mesmos.

TERCEIRO.- Que a Universidade da Coruña e a Deputación Provincial consideran que a cooperación cos países iberoamericanos, é un obxectivo estratéxico fundamental dadas as tradicionais relacións existentes, así como a formación de profesionais especialistas que posibiliten o desenvolvemento de este ámbito territorial con gran capacidade de futuro. Por iso, estimase conveniente a actuación conxunta para levar a cabo este curso.

Que ambas partes se recoñecen mutua capacidade para a subscrición do presente convenio conforme ás seguintes:

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- O obxecto do presente convenio é regular as bases da colaboración entre a Universidade da Coruña (en adiante UDC) e a Deputación de A Coruña, para o desenvolvemento das XIII Xornadas de Dereito Administrativo Iberoamericano “**LA BUENA ADMINISTRACION DEL PROCEDIMIENTO ADMINISTRATIVO**”, dirixidas aos expertos procedentes de Universidades Iberoamericanas que se conteñen no programa anexo.

O devandito curso organizase polo Catedrático da UDC, D. Jaime Rodríguez Arana-Muñoz.

SEGUNDA.- A UDC, en aplicación deste convenio comprométese ademais da organización e dirección das xornadas a:

- Proporcionar o profesorado do Curso
- Suministrar os materiais didácticos do Curso.
- Expedir os títulos correspondentes.
- Organizar o transporte dos alumnos.
- Entregarlle á Deputación da Coruña unha copia do material didáctico empregado.
- Facer constar a cooperación da Deputación da Coruña, en toda a información que se difunda sobre o Curso, tanto nos medios de comunicación como no material informativo e pedagógico que se puidera distribuir.
- O presente convenio non devengará obrigas económicas para a UDC, polo que non se fará precisa a consignación dunha partida orzamentaria.

TERCEIRA.- A Deputación da Coruña como entidade patrocinadora do curso comprométese a facilitar aos asistentes á xornada aloxamento e manutención nas instalacións do Pazo de Mariñán, así como a dispoñibilidade das instalacións para a impartición das xornadas, mentres dure o devandito curso do **3 ata o 9 de abril de 2022** ambos inclusive, conforme ao establecido na ordenanza nº 14 Reguladora do Prezo público do Pazo de Mariñán, cuxa última modificación foi publicada no BOP nº 238, de 16 de decembro de 2013.

CUARTA.- A achega da Deputación, como entidade patrocinadora, consistirá na cesión gratuita de aulas no Pazo de Mariñán como sede para o desenrolo da actividade, así como o aloxamento e manutención dos alumnos que veñan participar nas xornadas (tendo en conta así mesmo o día de entrada e o de partida). A previsión do gasto ascende a **cantidade máxima de 25.389,75 €** -cálculo efectuado de conformidade coa ordenanza Nº 14 Reguladora do Prezo Público do Pazo de Mariñán para o ano 2018, publicada no BOP número 238, de 16 de decembro de 2013. Ver tabla anexa.

QUINTA.- Para o seguimento de control do cumprimento do presente convenio poderase constituir unha comisión integrada por un representante de cada unha das institucións asinantes.

SEXTA.- O profesorado que interveña nos traballos obxecto do presente convenio quedará sometido ao disposto nos artigos 156 e seguintes dos Estatutos da Universidade da Coruña e ao disposto no Regulamento aprobado pola Xunta de Goberno o 14 de xuño de 1992.

SÉTIMA.- O incumprimento das obrigas derivadas do presente convenio dará lugar a súa resolución. A vixencia do presente convenio será dende o 3 de abril ata o 9 de abril de 2022, ambos inclusive, data na que rematará o curso, sen prexuízo de prorrogar o dito período en virtude de causa debidamente xustificada. No obstante dentro dos tres meses seguintes á finalización das xornadas, a Deputación poderá comprobar o cumprimento deste convenio e das obrigas derivadas do mesmo.

OITAVA.- A resolución dos conflitos que puideran xurdir con motivo do presente convenio corresponderán á xurisdición contencioso-administrativa. Para a resolución das dúbidas ou lagoas que puidesen xurdir na súa interpretación estarase ao disposto na Lei Ley 9/2017, de 8 de novembro de contratos do sector público.

NOVENA.- Son cláusulas de resolución do presente convenio:

- O seu incumprimento total ou parcial.

- O transcurso do tempo estipulado sen que se cumpran os obxectivos previstos, agás causa debidamente xustificada.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por Resolución da Presidencia de data 4 de abril de 2022

E en proba de conformidade asinan o presente convenio, por duplicado exemplar, no lugar e data indicados no encabezamento.

**O PRESIDENTE
DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA**

**O REITOR
DA UNIVERSADE DA CORUÑA**

Asdo.: Valentín González Formoso

Asdo.: Julio E. Abalde Alonso

O SECRETARIO ACCDTAL.

Asdo. Miguel Iglesias Martínez

SOLICITUD CESIÓN INSTALACIONES DEL PAZO DE MARIÑÁN

Expediente	2021000047323								
Entidad solicitante:	UNIVERSIDADE DA CORUÑA								
CIF/NIF Entidad:	Q-6550005-J								
Persona de contacto:	JAIME RODRÍGUEZ-ARANA MUÑOZ								
Email:	jaime.rodriguez-arana.munoz@udc.es								
Teléfono:	981167000 – ext: 1621 / 659911890								
Actividad a desarrollar:	XIII JORNADAS DE DERECHO ADMINISTRATIVO IBEROAMERICANO								
Fecha entrada:	3 de abril de 2022			Hora entrada:	15:00				
Fecha salida:	9 de abril de 2022			Hora salida:	12:00				
Número participantes:	60 + 5 de organización								
Número alojados:	48								
Habitaciones								Precios públicos persona y día	
El pazo dispone de: 30 habitaciones dobles + 1 adaptada	Lunes 4	Martes 5	Miércoles 6	Jueves 7	Viernes 8	Sábado 9	Domingo 3	Laborales	Fines de semana y festivos
N.º habitaciones dobles:	18	18	18	18	18		18	41,45€	41,45€
N.º habitaciones dobles de uso individual	12	12	12	12	12		12	57,00€	57,00€
SUBTOTAL	2.176,20 €	2.176,20 €	2.176,20 €	2.176,20 €	2.176,20 €	0,00 €	2.176,20 €	13.057,20 €	

Manutención Indicar número de personas usuarias de cada servicio por día de ocupación	Lunes 4	Martes 5	Miércoles 6	Jueves 7	Viernes 8	Sábado 9	Domingo 3	Precios públicos por día de uso		
								Laborables	Fines de semana e festivos	
Manutención completa con alojamiento:								38,00 €	46,40 €	
Manutención completa sen alojamiento:								41,45 €	50,70 €	
Desayuno (con alojamiento incluido en hab.)								3,45 €	4,25 €	
Coffee-break mañana:	65	65	65	65	65			1,55 €	1,55 €	
Almuerzo:	65	65	65	65	65			20,75 €	25,35 €	
Coffee-break tarde:								1,55 €	1,55 €	
Cena:					60		48	20,75 €	25,35 €	
SUBTOTAL	1.449,50 €	1.449,50 €	1.449,50 €	1.449,50 €	2.694,50 €	0,00 €	1.216,80 €	9.709,30 €		
Salas La única sala que dispone de todos los medios técnicos es la sala de conferencias. La dotación de equipamiento en el resto de salas se hará por parte de la entidad usuaria.	Lunes 4	Martes 5	Miércoles 6	Jueves 7	Viernes 8	Sábado 9	Domingo 3	Precios públicos por día de uso		
	Alojamiento		Alojamiento		Alojamiento		Alojamiento		CON	SIN
	CON	SEN	CON	SEN	CON	SEN	CON	SEN	ALOJAMIENTO	ALOJAMIENTO
Salón de actos - 140 pax Aforo COVID 70								258,85 €	414,15 €	

Sala de conferencias - 103 pax Aforo COVID 50 pax	1	1	1	1	1									207,10 €	258,85 €
Salón bodega - 30 pax Aforo COVID 14 pax	1	1	1	1	1									162,25 €	207,10 €
Aula número 2 - 20 pax Aforo COVID 10 pax														124,25 €	155,30 €
Aula número 3 - 30 pax Aforo COVID 15 pax	1	1	1	1	1									155,30 €	162,25 €
Sala Martínez Barbeito - 15 pax Aforo COVID 8 pax														93,20 €	124,25 €
SUBTOTAL	524,65 €	524,65 €	524,65 €	524,65 €	524,65 €	0,00 €	0,00 €							2.623,25 €	
Necesidades técnicas / materiales	Lunes 4	Martes 5	Miércoles 6	Jueves 7	Viernes 8	Sábado 9	Domingo 3								
Megafonía	X	X	X	X	X										
Conexión Internet	X	X	X	X	X										
Proyector	X	X	X	X	X										
Pantalla proyección	X	X	X	X	X										
Otros: Cualquier elemento no indicado anteriormente:															

En previsión de que asista alguna persona con movilidad reducida, preparar mecanismo de entrada accesible donde fuese necesario

TOTAL SERVICIOS PRESTADOS:

25.389,75 €